



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Exposición pública dos padróns fiscais provisionais do 2025: lixo, vaos e cemiterio

ANUNCIO

A resolución da Alcaldía núm. 816/2025, do 9 de xullo, aprobou provisionalmente os padróns fiscais anuais, correspondentes ao exercicio 2025, das seguintes taxas:

- Taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos, integrado por un total de 6.853 recibos e por importe de 895.802,05€.

- Taxa pola conservación e mantemento de nichos no Cemiterio Municipal integrado por un total de 2.050 recibos e por importe de 73.923,30€.

- Taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, polas entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase (pasaxes permanentes) integrado por un total de 99 recibos e por importe de 25.693,34€.

Os ditos padróns estarán expostos ó público neste concello polo prazo dun mes, a contar desde o día seguinte á publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, durante o cal as persoas interesadas poderán interpoñer reclamacións ou alegacións fronte as liquidacións que neles se conteñen.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Unha vez rematado o período de exposición pública, de non presentarse reclamacións nin alegacións, os anteditos padróns consideraranse definitivamente aprobados.

Fene, asinado dixitalmente o 9 de xullo de 2025 pola alcaldesa, Alejandra Permuy Meizoso.

2025/4600